



cello de Vigo
Expte. 3703/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 2/2023

SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE XANEIRO DE 2023

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Extraordinaria do 23 de decembro e ordinaria do 28 de decembro de 2022.

Ditames das comisións informativas:

FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 2.** Aprobación da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo. Expte. 21067/240 (Expte. Pleno 3690/1101)
- 3.** Aprobación definitiva da desafectación do dominio público de parcelas e edificacións municipais de equipamento deportivo, reserva de estacionamento e parque urbano de Cornixa nos terreos da antiga ETEA. Expte. 21023/240 (Expte. Pleno 3689/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

- 4.** Dar conta do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 4º trimestre do ano 2022 e PMP dos 12 meses do ano 2022. Expte. 26473/541 (Rexistro Pleno 3698/1101).

Mocións:



Copia do documento - Concello de Vigo
3734-1101

Data impresión: 16/03/2023 13:46 | Páxina 1 de 50
CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5. Moción do grupo municipal Mixto instando a garantir o dereito ao aborto, rexeitando actitudes como as expresadas polo goberno de Castela e León, e na defensa da reforma da Lei do Aborto. Expte. Pleno 3707/1101.
6. Moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á modificación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, e á solicitude de desculpa, rectificación e cesamento inmediato da ministra e a secretaria de Estado de Igualdade. Expte. 3708/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista para colaborar activamente na recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conquistar a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria, apoiar a manifestación do 12 de febreiro e outros acoros complementarios. Expte. 3709/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a destinar, con cargo aos seus Orzamentos 2023, polo menos a cantidade de 305 millóns de euros que se corresponden co peso poboacional da cidade de Vigo. Expte. 3710/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que, de forma urxente, modifique a normativa reguladora da Renda de Inclusión Social de Galicia, co obxecto de facela complementaria e compatible co Ingreso Mínimo Vital. Expte. 3711/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista demandando da Xunta de Galicia unha liña de axudas que favoreza a mobilidade dende o Aeroporto de Vigo con Madrid, Barcelona, así como con outras cidades de España e Europa, e outros acordos complementarios. Expte. 3712/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a incluír nos Orzamentos autonómicos partidas para as orquestras de música clásica, bandas de música populares e outros acordos complementarios. Expte. 3713/1101.

PARTE DE CONTROL

12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.12.22 ao 17.01.23. Expte. 1349/1101 (Expte. Pleno 3704/1101).
13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 20.12.22 ao 17.01.23. Expte. 1348/1101 (Expte. Pleno 3705/1101).
14. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 27.12.22, declarando o luto oficial polo tráxico accidente no río Lérez. Expte. 1309/1102 (Expte. Pleno 3706/1101).

Mocións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 2 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

15. Moción do concelleiro non adscrito en apoio da iniciativa legislativa popular para salvar e fortalecer a atención primaria e a manifestación do 12 de febreiro en Santiago, en defensa da Sanidade Pública. Expte. Pleno 3701/1101.

16. Formulación de rogos.

17. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Egerique Mosquera Teresa, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretaria Xeral Acctal. do Pleno que asina D^a Susana



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/03/2023 13:46

Páxina 3 de 50

3734-1101

CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Gallardo Fariña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(2). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO E ORDINARIA DO 28 DE DECEMBRO DE 2022.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas extraordinaria do 23 de decembro e ordinaria do 28 de decembro de 2022.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(3). APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21067/240 (EXPTE. PLENO 3690/1101)

ANTECEDENTES: Con data 12 de xaneiro, o xefe de Patrimonio e a xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial co conforme da concelleira delegada da Área, emiten a seguinte proposta,

“PRIMEIRO.- Polo Xefe do Servizo de Patrimonio emitíuse Informe-proposta o 30 de setembro do 2022, conformado pola Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e a Concelleira Delegada de Patrimonio na mesma data, do seguinte teor literal

“Antecedentes:

Primeiro.- O Concello de Vigo aprobou no ano 1993 por acordo plenario de 4 de maio a revisión do Inventario Municipal de Bens e dereitos desta administración, con datos a efectos do 31 de decembro de 1991.

Os traballos levados a cabo supuxeron no seu momento un importante avance para a configuración dun inventario xeral, acometéndose os mesmos dende unha perspectiva xeral comprensiva da totalidade dos epígrafes na que se vertebra o inventario das entidades locais conforme a división prevista no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Segundo.- Durante todo o período que vai desde a aprobación do inventario do 93 á actualidade, fixéronse actuacións puntuais no inventario, así como distintos intentos de acometer traballos revisorios. Neste senso acadouse no ano 2001 a aprobación dunha rectificación e actualización do Inventario municipal, aprobada polo Pleno municipal en data 26/3/2001, e pola que deronse de alta 527 propiedades no Ep. I de Inmóveis. Estes derradeiros traballos, se ben, supuxeron unha mellora na base de datos do patrimonio do Concello, pola recopilación de información patrimonial, incorporación dos datos de mais de 800 propiedades, revisión doutras 400, introducción de datos técnicos de propiedades resultantes da xestión urbanística, etc.) resultaron insuficientes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 4 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para acadar unha revisión en conxunto do inventario, limitándose basicamente os inmobles e, polo tanto, sen afectar o resto de bens e dereitos que o constitúen.
 A necesidade de dispoñer, nun prazo prudencial, dun Inventario Municipal revisado e actualizado no seu conxunto referente os 8 epígrafes que o conforman, e o limitado dos medios propios dispoñibles para ditos fins, determinou a necesidade de acudir a medios persoais e técnicos externos, mediante a contratación dunha asistencia técnica, que actuando baixo a supervisión municipal acometera eses traballos.

Terceiro.- Neste orde, asinouse coa empresa SCI S.C. Integral SL no ano 2012 o contrato de comprobación, revisión e actualización del IMBD. Contrato que foille axudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/05/2012, consonte o prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobadas o 22/10/2010.

Como resultado deses traballos, O xefe de Cartografía e Delineación emitiu informe no ano 2019, na súa condición de responsable dos traballos do Inventario, no que reflexa, entre outras cuestións, ó contido dos traballos realizados e a metodoloxía empregada na súa realización, e concluíndo que os traballos levados a cabo, dende o punto de vista técnico, non hai inconveniente para continuar coa súa tramitación.

Cuarto.- Finalmente, o pasado 26 de setembro emitiuse informe polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e a Arquitecta técnica de Patrimonio no que sinalan que: a partir de dito informe e dos traballos realizados obxecto do mesmo, procedeuse neste tempo a acometer unha actualización destes, efutuándose unha nova revisión do contido do Inventario, e que supuso a incorporación de novos datos e a correccións doutros, todo ello coa finalidade de acadar un documento que tecnicamente se axuste a realidade do conxunto de bens e dereitos que conforman o patrimonio desta administración que deberán quedar reflexados no correspondente inventario municipal.

O resultado de dita revisión realizada, consta anexa o presente informe, e comprende a relación dos bens e dereitos pertencentes o Concello, organizada dacordo coa división en epígrafes no que estrutúrase o IMBD, e a que se adxunta as correspondentes fichas cos seus datos, consonte o requerido pola normativa de aplicación.

Toda esta información e documentación consta no programa de Gestión de Patrimonio, ferramenta informática implantada para a xestión do inventario municipal.

Concluíndo que de acordo co informado o 25/10/2019 polo Xefe de Cartografía e Delineación, como responsable dos traballos do Inventario Municipal, e a revisión e actualización dos seus datos reflectida neste informe, formulase a presente proposta técnica para a aprobación, no seu caso, dunha actualización do Inventario municipal de Bens e Dereitos consonte a información anexada, comprensiva das altas e baixas que proceden acometer en relación os seus epígrafes, e cuxo alcance pode cuantificarse no seguinte

CADRO RESUMEN:

DATOS 2022								
	ANO 1993	ANO 2001	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACION BAIXAS	VALORACIONES TOTAIS	CODIFICACIÓN
EPIGRAFE I - INMOBLES	864	1.390	362	3.580	4.606	1.504.254,45 €	706.876.236,61 €	1-4970
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25		25	700	700	0,00 €	34.848.816,83 €	1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS	250			6.780	7.030		20.851.691,82 €	1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	42		41	238	239	0,00 €	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	144		35	115	224	220.825,28 €	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES	-			736	736		166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES	14.792			6.914	6.914		3.103.047,75 €	1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	205		169	148	184			1-478
TOTAL	16.322	1.390	632	19.211	20.633	1.725.079,73 €	772.108.787,26 €	

Valor Adquisición

Quinto.- A teor desa proposta técnica formulada, a Concelleira Delegada de Patrimonio ordenou en data 28/9/2022 o inicio do correspondente procedemento administrativo para a aprobación polo órgano competente, da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 5 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Fundamentos de Dereito:

I.- Natureza do Inventario Municipal de Bens e dereitos.

Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por sí mesmo non proba, crea, nin constitue dereito algún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación a Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non surten efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), nembargantes constitúese unha ferramenta básica de información e para a xestión interna do patrimonio das administracións públicas.

II.- Normativa legal reguladora do Inventario municipal de Bens e dereitos.

O artigo 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), de carácter básico, establece a obriga de que as administracións públicas inventarién os bens e dereitos que integren o seu patrimonio, facendo constar co detalle suficiente, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que estean sendo adicadas.

No eido da administración local, o artigo 86 do Real decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, recolle a devandita obriga e, en concreto, o artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, sinala que as entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencan, así como tamén dos bens pertencentes aos organismos autónomos que dependan delas. Deste inventario remitirase copia ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma e rectificarse anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

O art. 17 do RBEL sinala que as Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de todos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal atribuíase a súa titularidade o Concello, e conseguintemente refrende os datos reflectidos no inventario.

Dita documentación arquivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa, e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

III.-Contido do Inventario municipal.

O Patrimonio Municipal esta constituído polo conxunto dos seus bens dereitos e accións que lles pertenezca (art. 79 LBRL), calquera que sexa a súa natureza e o título de adquisición ou aquel en virtude do cal se lle atribue (art. 263 LALG e 17 RBEL). Non se inclúe o diñeiro, valores, créditos, recursos financeiros nin de tesourería.

Consonte o disposto no art. 18 do RBEL, o inventario de dito Patrimonio estrutúrase do seguinte xeito:

- Ep. I.- Bens Inmóbles
- Ep. II.- Dereitos Reais
- Ep. III.-Móbles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico
- Ep. IV.- Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal do Concello
- Ep. V.- Vehículos
- Ep. VI.- Semoventes
- Ep. VII.- Móbles de considerable valor económico non comprendidos nos epígrafes anteriores
- Ep. VIII.-Bens e dereitos revertibles

No inventario reflexarase as adquisicións, ventas, permutas, servidumes, alteracións de calificacións xurídicas dos bens, e calesqueira outras con repercusión nos bens e dereitos obxecto do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 6 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os actos de afectación, mutación demanial, desafectación, adscrición, desadscrición e incorporación faranse constar igualmente no correspondente inventario patrimonial (art 82 da LPAP). Podese considerar que os traballos de revisión e actualización acometidos e que sometense a aprobación, axustanse con carácter xeral a ditas premisas, aínda que poidan preterir algunhas incorreccións ou erros nos datos incorporados, algo previsible tendo en conta o elevado número de bens e dereitos de que se trata (4.606 inmobles, 700 dereitos reais, unha rede viaria comprensiva de 4.412 vías, ou de 6.780 bens mobles de carácter histórico, entre outros) e que serán obxecto de subsanación na medida que se detecten. O inventario é un rexistro en continua revisión no que se reflexa o patrimonio da administración municipal resultado da actividade desenvolta por esta no exercicio das súas competencias e, polo tanto, suxeto a unha permanente actualización dos seus datos. A disponibilidad de persoal suficiente para acometer ditos traballos revisorios, como igualmetne de medios técnicos o, lo que resulta esencial, a colaboración dos departamentos municipais na achega dos datos e información con incidencia patrimonial, son factores todos eles indispensables para que o obxectivo de manter un Inventario actualizado no tempo sexa factible.

Neste orde tense realizado algunhas actuacións, como a implantación dunha ferramenta informática para a xestión do Inventario e a que ten acceso os servizos municipais para consulta; o a aprobación pola Concellería Delegada de Patrimonio da Instrucción 1/2019 “Inventario Municipal de Bens e Dereitos: Procedemento e información patrimonial dos servizos municipais”, co obxecto de establecer o cauce procedimental no que canalizar a colaboración dos distintos servizos municipais nesta materia patrimonial, como así reflexa a propia instrucción na súa exposición de motivos ó sinalar que: A instrucción pretende acadar esa indispensable colaboración, con carácter permanente, de todos os departamentos municipais dacordo coa súa responsabilidade no control e seguimento dos medios materiais de que dispoñen para o seu funcionamento como sobre os demais bens municipais que xestionan ou nos que exercen as competencias que ten atribuídas. Neste senso faise necesario que a actividade administrativa por eles desenvolta e con transcendencia patrimonial, teña o seu correspondente reflexo no Inventario municipal permitindo un control sobre a realidade patrimonial do Concello, mantendo actualizada unha información que é garante dunha xestión eficiente dos bens e, en definitiva, sobre a mellor forma de xestionar o seu patrimonio, o que, entodo caso, resulta unha obriga legal.

IV.- Procedemento de aprobación.

En canto ao procedemento para a aprobación da rectificación e actualización do IMBD, tendo en conta a ausencia de regulación dun procedemento específico, mais alo da mención que o RBEL fai ó órgano competente, débese atender as regras xerais de procedemento administrativo (Lei 39/2015) e por mor da propia natureza do expediente, axustariase o seguinte esquema procedimental:

- Orde de inicio do procedemento de aprobación da revisión e actualización do IMBD.
- Acordo plenario da aprobación inicial da revisión e actualización do IMBD (art 34 RB)
- Sometemento a información pública consonte disposto no art 83 da Lei 39/2015.
- Aprobación definitiva por acordo plenario da revisión e actualización do IMBD. No caso de non presentarse alegacións dentro do período de información pública, entenderase aprobada con carácter definitivo.

O inventario finalmente aprobado, será autorizado polo Secretario Xeral do Pleno co visto e prace do Presidente da Corporación (art. 33 RBEL)

V.-Inscripción Rexistral.

O art. 36 de la LPAP (lexislación básica) dispón a obriga das administracións públicas de inscribir nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio susceptibles de inscrición.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 7 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conforme á lexislación de Réxime Local (artigo 279 LALGA e artigo 36 RBEL) os entes locais inscribirán no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e dereitos reais, sendo título suficiente a certificación que con arranxo ao inventario aprobado pola respectiva corporación, expida o secretario, co visto e prace do presidente da Corporación. Se non existise título inscribible de dominio estarase ao disposto nos artigos 206 da Lei hipotecaria e 303 a 307 do seu Regulamento.

VI.- Conclusións.

O alcance dos traballos desenvolto dos que resultou a proposta técnica de rectificación e actualización do IMBD emitida polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e a Arquitecta técnica de Patrimonio en data 26/09/2022, reflexado na documentación que figura anexada á mesma (que sometese a aprobación), e comprensiva das fichas cos datos actualizados dos bens e dereitos integrante do patrimonio do Concello, dividido por Epígrafes (Anexo I), xunto coa planimetría de propiedades e viais (Anexo III), e a relación das baixas propostas (Anexo II), resumido no seguinte cuadro:

DATOS 2022						
	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACION BAIXAS	VALORACIÓN TOTAIS	CODIFICACIÓN
EPIGRAFE I - INMOBLES	362	3.580	4.606	1.504.254,45 €	706.876.236,61 €	1-4970
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	0,00 €	34.848.816,83 €	1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS		6.780	7.030		20.851.691,82 €	1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	41	238	239	0,00 €	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	220.825,28 €	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736		166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES		6.914	6.914		3.103.047,75 €	1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	169	148	184			1-478
TOTAL	632	19.211	20.633	1.725.079,73 €	772.108.787,26 €	

Valor Adquisición

VII.- Competencia.

Corresponde ó Pleno da Corporación, a aprobación da rectificación e actualización do IMBD, consonte o previsto no art. 34 do RBEL. Unha vez aprobada a rectificación, remitirase copia da mesma a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma. (Art. 32.1 RBEL)

Por todo ello, propónse ó Pleno Municipal, previo informe do Secretario Xeral do Pleno, e ditamen da comisión informativa, a adopción do seguinte, **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, coas altas e baixas dos bens e dereitos reflexadas nos Anexos I, II e III do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e a Arquitecta técnica de Patrimonio de data 26/09/2022, xunto coas súas correspondentes fichas que figuran nos mesmos, e o seguinte resultado por Epígrafes:



Copia do documento - Concello de Vigo
3734-1101

Data impresión: 16/03/2023 13:46

Páxina 8 de 50

CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Desglose documentacion anexa:

DATOS 2022					
	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACIONES TOTAIS	CODIFICACION
EPIGRAFE I - INMOBLES	362	3.580	4.606	706.876.236,61 €	1-4970
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	34.848.816,83 €	1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS		6.780	7.030	20.851.691,82 €	1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	41	238	239	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736	166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES		6.914	6.914	3.103.047,75 €	1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	169	148	184		1-478
TOTAL	632	19.211	20.633	772.108.787,26 €	

- ANEXO I:
 - Epígrafe I-A. Bens inmuebles: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 16.
 - Epígrafe I-B. Viais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 5.
 - Epígrafe I-B. Viais: Listado xustificativo de altas e correccións.
 - Epígrafe II. Dereitos reais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 e 2.
 - Epígrafe III. Bens móbeis histórico-artísticos: Libro de bens rexistrados .
 - Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens rexistrados .
 - Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens rexistrados .
 - Epígrafe VI. Semoventes: Libro de bens rexistrados .
 - Epígrafe VII. Bens móbeis: Libro de bens rexistrados .
 - Epígrafe VIII. Bens revertibles: Libro de bens rexistrados .
- ANEXO II:
 - Epígrafe I-A. Bens inmuebles: Libros de bens propostos para baixa recollidos no lote 17.
 - Epígrafe I-B. Viais: Listado xustificativo propostas de baixa.
 - Epígrafe II. Dereitos reais: Libro de bens propostos para baixa (Lote 3).
 - Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
 - Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
 - Epígrafe VIII. Bens revertibles: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- ANEXO III:
 - Follas cartográficas de Propiedades: Lotes 1 e 2.
 - Follas cartográficas de Viais: Lotes 1 a 4.

SEGUNDO: Someter o presente acordo a información pública de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) e anuncio no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Vigo, durante o prazo DUN MES a contar dende o seguinte á publicación no BOPP, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presentasen reclamacións, o presente acordo entenderase definitivamente aprobado.

TERCEIRO: Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos
 CUARTO: Remitir copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma unha vez que o acordo sexa definitivo.”

SEGUNDO.- O Secretario Xeral do Pleno deste Concello emitiu informe o pasado dia 2 de xaneiro, conforme a súa atribución de asesoramento legal facultativo do Pleno (art.123.5.e da LBRL), á anterior proposta, no que conclue que, sen prexuízo das recomendacións nel realizadas, infórma favorablemente a proposta formulada.

Entre as recomendacións reflexadas no seu informe, cabe sinalar as seguintes:

(...)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 9 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- II. Normativa. O RB é a norma que disciplina a confección e actualización do IMBD.(...)

Artigo 32. Os inventarios serán autorizados polo Secretario da Corporación co visto e prace do Presidente.

Nas grandes cidades as funcións de fe pública (salvo as atribuídas o secretario xeral do Pleno) son exercidas polo titular do órgano de apoio o concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local (Secretaría do Goberno na denominación do Concello de Vigo); segundo o artigo 3.2.k) do R.D. 128/2018 a levanza e custodia do Inventario de Bens é unha función de fé pública; o IMBD debe autorizarse pola Secretaría do Goberno.

Artigo 33. A rectificación do inventario verificarase anualmente, nela reflectiranse as vicisitudes dos bens e dereitos durante esa etapa.

A rectificación anual u ordinaria non impide que durante tal periodo poidan instrumentarse altas o baixas no IMBD mediante acordos puntuais consecuencia das normais variacións sen agardar para iso á obrigada rectificación anual¹; carece de razón que unha omisión involuntaria, ou a adquisición dun inmovible nunha determinada data, non poida ter reflexo inmediato no IMBD e deba agardar ata o ano seguinte, ou incluírse na Orde do Día das sesións ordinarias do Pleno. Neste sentido, correspondendo o Pleno a rectificación/actualización (altas e baixas) do IMBD, artigo 34 RB, resulta conveniente, o fin de acadar unha permanente actualización e unha xestión axil e eficaz do Inventario, que o Pleno delegue na Concellería delegada de Patrimonio a xestión ordinaria do IMBD, en particular as correspondentes o Epígrafe I; neste sentido propónse que a parte dispositiva do acordo a adoptar inclúa o seguinte apartado: “Delegar na Concellería delegada de Patrimonio, ou naquela que asuma as funcións en materia de patrimonio, a actualización, rectificación e a xestión ordinaria do Inventario Municipal de Bens e Dereitos correspondentes o Epígrafe I; a tal efecto acordará, mediante Resolución, as altas e baixas que en calquera momento poidan producirse. Do estado de altas e baixas que resulte en cada ano natural darase conta o Pleno na primeira sesión ordinaria do ano seguinte”.(...)

- IV. Publicidade do IMBD.

O artigo 33.4. da LPAP, precepto non básico, refiríndose o Inventario de Bens e Dereitos do Estado sinala, *“O Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Estado non ten a consideración de rexistro público, os datos reflexados no mesmo, así como os resultados da súa agregación ou explotación estatística, constitúen información de apoio para a xestión interna e a definición de políticas da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.*

Estos datos non surtirán efectos fronte a terceiros nin poderán ser utilizados para valer dereitos fronte á Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

A consulta por terceiros dos datos do Inventario Xeral só será procedente cando formen parte dun expediente e de conformidade coas regras xerais de acceso a éstos”.

O artigos 43 e seguintes do Regulamento da LPAP (Real Decreto 1373/2009) establecen as condicións de acceso aos datos de tal Inventario.

O precepto non se corresponde co artigo 68.3. da LBRL que faculta aos veciños para exercer accións, en nome do Concello (en determinadas circunstancias), para a defensa dos bens e dereitos municipais, para o cal será necesario o coñecemento directo da identificación (ou a ausencia de identificación) de tal ben o dereito no IMBD. Tampouco da resposta o artigo 8.3. da LTBG, *“As Administracións Públicas publicarán a relación dos bens inmovibles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real”.*

Conforme o exposto, e obxecto de observar a lexislación de aplicación, resulta conveniente que na proposta de acordo formulada conste o seguinte apartado:

Publicar a información actualizada relativa o Epígrafe I do IMBD na páxina de transparencia municipal <https://transparencia.vigo.org> os efectos de cumprir coa normativa de aplicación nesta materia.

Cabe indicar que na actualidade o Concello de Vigo cumpre con tal publicidade. (...)

- VI. Tramitación (información pública).

A aprobación da rectificación do IMBD corresponde o Pleno do Concello, artigo 34 RB.

O artigos 9.2 do RB e 68.1 da LBRL advirten que as entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos; o artigo 68.2 da mesma norma sinala que calquera veciño poderá requerir o exercicio destas accións; o artigo 68.3 indica que transcorrido o prazo de requerimento poden ser os propios veciños quen exerciten a acción en nome do Concello. Despréndese unha participación moi directa da veciñanza na rectificación e mantemento do IMBD, unha participación que maniféstase no artigo 8 do RB que esixe previa “información pública” (un mes) no caso da alteración puntual da calificación xurídica da calquera ben e posterior acordo co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con estas premisas, considerando que a rectificación que se propón contempla a alteración da calificación xurídica de determinados bens do IMBD do ano 1993 e considerando o sinalado no artigo 83.1 da LPACAP, esta Secretaría,

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 10 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

comparte o manifestado no informe-proposta, e entende necesario expoñer o público o Expediente de rectificación do IMBD o fin de que a veciñanza poida obter unha información completa e acabada dos bens e dereitos nel relacionados e formular alegacións que coadxuven a depurar calquera omisión ou circunstancia que sexa oportuno ter en conta.

Os anuncios de información pública a publicar no BOP e na páxina web do Concello de Vigo mencionarán a dirección da Sede Electrónica onde poderán materializarse as consultas o Expediente.

TERCEIRO.- Asi mesmo, polo Interventor Xeral emitíuse informe o pasado día 10 de xaneiro, coas seguintes:

“Conclusións: *Considérase que deben establecerse criterios homoxéneos para o rexistro contable e de inventario dos distintos elementos, de forma que exista unha adecuada correlación entre os datos reflectidos no Balance de Situación e a realidade material dos bens que deben estar inventariados, polo que do acordo que se adopte deberá darse traslado ao responsable de contabilidade a fin de garantir unha adecuada coordinación entre ambos os dous instrumentos.*

En consecuencia, esta intervención entende que se cumpren as prevencións establecidas na lexislación de aplicación con respecto ao inventario de bens, polo que emite o presente informe favorable á proposta contida no expediente de referencia.”

CUARTO.- Corresponde ó Pleno da Corporación, a aprobación da rectificación e actualización do IMBD, consonte o previsto no art. 34 do RBEL. Unha vez aprobada a rectificación, remitirase copia da mesma a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma. (Art. 32.1 RBEL)

Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co informe da Secretaría Xeral do Pleno do 2/01/2023, propónse ó Pleno Municipal, previo ditamen da comisión informativa, a adopción do seguinte, ACORDO...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de xaneiro, a Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, ditaminou favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTO PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González e vinte votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

VOTACIÓN : Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 11 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, coas altas e baixas dos bens e dereitos reflexadas nos Anexos I, II e III do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e a Arquitecta técnica de Patrimonio de data 26/09/2022, xunto coas súas correspondentes fichas que figuran nos mesmos, e o seguinte resultado por Epígrafes:

DATOS 2022					
	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACIÓNS TOTAIS	CODIFICACIÓN
EPIGRAFE I - INMOBLES	362	3.580	4.606	706.876.236,61 €	1-4970
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	34.848.816,83 €	1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS		6.780	7.030	20.851.691,82 €	1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	41	238	239	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736	166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES		6.914	6.914	3.103.047,75 €	1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	169	148	184		1-478
TOTAL	632	19.211	20.633	772.108.787,26 €	

Desglose documentación anexa:

• ANEXO I:

- Epígrafe I-A. Bens inmobles: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 16.
- Epígrafe I-B. Viais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 5.
- Epígrafe I-B. Viais: Listado xustificativo de altas e correccións.
- Epígrafe II. Dereitos reais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 e 2.
- Epígrafe III. Bens móbeis histórico-artísticos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VI. Semovientes: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VII. Bens móbeis: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VIII. Bens revertibles: Libro de bens rexistrados .

• ANEXO II:

- Epígrafe I-A. Bens inmobles: Libros de bens propostos para baixa recollidos no lote 17.
- Epígrafe I-B. Viais: Listado xustificativo propostos de baixa.
- Epígrafe II. Dereitos reais: Libro de bens propostos para baixa (Lote 3).
- Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- Epígrafe VIII. Bens revertibles: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).

• ANEXO III:

- Follas cartográficas de Propiedades: Lotes 1 e 2.
- Follas cartográficas de Viais: Lotes 1 a 4.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 12 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDO: Someter o presente acordo a información pública de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) e anuncio no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Vigo, durante o prazo DUN MES a contar dende o seguinte á publicación no BOPP, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, o presente acordo entenderase definitivamente aprobado.

TERCEIRO: Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos.

CUARTO: Aprobado definitivamente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, remitirase copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, procedéndose a publicar a información actualizada relativa o Epígrafe I do IMBD na páxina de transparencia municipal <https://transparencia.vigo.org> os efectos de cumprir coa normativa de aplicación nesta materia.

QUINTO: Delegar na Concellería delegada de Patrimonio, ou naquela que asuma as funcións en materia de patrimonio, a actualización, rectificación e a xestión ordinaria do Inventario Municipal de Bens e Dereitos correspondentes o Epígrafe I; a tal efecto acordará, mediante Resolución, as altas e baixas que en calquera momento poidan producirse. Do estado de altas e baixas que resulte en cada ano natural darase conta o Pleno na primeira sesión ordinaria do ano seguinte.”

3.(4). APROBACIÓN DEFINITIVA DA DESAFECTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO DE PARCELAS E EDIFICACIÓNS MUNICIPAIS DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO, RESERVA DE ESTACIONAMENTO E PARQUE URBANO DE CORNIXA NOS TERREOS DA ANTIGA ETEA. EXPTE. 21023/240 (EXPTE. PLENO 3689/1101).

ANTECEDENTES: Con data 19 de setembro, a xefa da área de Xestión Patrimonial e Territorial co conforme da concelleira delegada de Economía e Fondos Europeos de Patrimonio e Emprego, emite a seguinte proposta,

“Primeiro.- En data 7 de setembro de 2022 o Concello-pleno adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica da parcela municipal, denominada “EQUIPAMENTO DEPORTIVO, RESERVA DE ESTACIONAMENTO E PARQUE URBANO DE CORNISATERREOS ETEA” sita na Avda. da Mariña Española número 1, desafectándoa do demanio público.

2º.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente a información pública, durante o prazo de un mes de acordo co art. 8.2 RBEL.

3º.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se houbesen presentado alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que para o efecto emita a Secretaría Xeral.

4º.- Que pola oficina do Inventario municipal, se proceda, unha vez, acadada a aprobación definitiva da presente alteración da natureza xurídica da propiedade n.º



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 13 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4355 a efectua-la correspondente rectificación no Inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial resultante."

Segundo.- Este acordo trae causa da execución da sentenza 136/2020 de data 24 de febreiro de 2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no procedemento ordinario 4580/2017 pola que se estima a demanda promovida pola representación do Consorcio Zona Franca de Vigo contra o Concello de Vigo sobre inactividade declarando o incumprimento por parte do Concello de Vigo do convenio suscrito entre CZFV, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo de data 10 de febreiro de 2009 para levar a cabo a implantación do Campus Científico Tecnolóxico, "Cidade do mar", condenando ao abono ao CZFV da contraprestación estipulada pola transmisión dos terreos contida na cláusula quinta de dito convenio (11.500.000 euros ou o seu equivalente en solo municipal) ou de forma subsidiaria a restitución dos bens ao CZFV previa a súa desafectación.

Terceiro.- En data 17.10.2022, don Anxo Iglesias Covelo, presidente da Asociación de veciños de Teis, presenta alegacións contra o acordo de desafectación sinalando que despois de tres anos tras a sinatura do convenio, o concello de Vigo, con crédito dabondo (fala de 130 millóns de euros) promove a desafectación destes terreos polo incumprimento dun convenio, cando o CZFV é unha entidade para a promoción económica. Considera preocupante o desinterese do Concello sobre o ámbito da ETEA, cando debera ser unha prioridade do goberno municipal. Finalmente pide que se deixe sen efecto a desafectación do ámbito para garantir o uso público destes terreos e que o goberno municipal promova un novo convenio para garantir o mantemento da titularidade pública do equipamento deportivo da ETEA.

Cuarto- En relación coa alegación formulada, sinalar que segundo convenio de data 10 de febreiro de 2009, o compromiso do Concello de Vigo era aportar para a xestión do ámbito "Cidade do mar" a cantidade de 11.500.000 €, como contraprestación da obriga asumida pola Xunta de Galicia de achegar a mesma cantidade para a execución do tunel da rúa Xulián Estévez; carga prevista no "APR 5-16 Guixar" do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008. Subsidiariamente, se transcurrido o ano 2012 non se tivera materializado a achega da cantidade sinalada no parágrafo anterior, o Concello de Vigo debía compensar ao Consorcio con tal importe en solo de titularidade pública municipal. Por último, o Concello tería que devolver os terreos no caso de que non se producise o grao de xestión suficiente do ámbito de Guixar como para materializar a carga en decembro do ano 2015 ou non existise acordo sobre os bens do PMS a entregar ao CZFV en compensación pola non achega da devandita cantidade de 11.500.000 €. Os terreos descritos serían devoltos ao CZFV, ata que fosen adquiridos de novo pola Xunta de Galicia por expropiación.

E isto é así porque, tal e como se recolle nas estipulacións sexta e oitava do convenio asinado coa mesma data —o 10 de febreiro de 2009— pola conselleira de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 14 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e o alcalde de Vigo, que figura como anexo III ao convenio de cuxo cumprimento tratamos: «O PXOM de Vigo imputa ao desenvolvemento do solo urbano non consolidado de Guixar a carga urbanística de contribuir o financiamento do tunel da rúa Xulian Estévez coa cantidade de 15.525.000 euros. O presente convenio prevé unha achega da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que, destinada a execución da dita infraestrutura, terá como efecto que o ámbito de Guixar poida ver reducida a devandita carga en 11.500.000 euros, o que permitirá polo tanto imputar ao ámbito de Guixar o financiamento, tamén polo mesmo importe, da obtención do solo do Plan Sectorial de ordenación territorial que regula a implantación do complexo dotacional Campus Científico Tecnolóxico “cidade deo Mar”, na finca da E.T.E.A. en Vigo».

O Concello de Vigo dende a firma do convenio de 10 de febreiro de 2009, ten desenvolto tódalas actuacións necesarias para garantir o uso público dos equipamientos deportivos, posto que de forma específica a área PS-4, estaba configurada como un espacio fundamentalmente de uso deportivo.

O alcance das obras realizadas elévase a un importe de aproximado de 2 millóns de euros, e as mesmas se corresponden con actuacións obrigadas para posibilitar o uso público das infraestructuras deportivas da área PS-4, entendendo que o estado das instalacións recibidas non posibilitaba a apertura ao público das mesmas. Coa pronta execución das obras, a parcela ponse ao servizo da cidadanía, sendo os primeiros espazos do ámbito da ETEA abertos ao uso público. Por resolución de 21 de marzo de 2012 publícouse no DOG núm. 66, de data 04.04.2012, a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de incidencia supramunicipal de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, aprobado mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 23 de febreiro de 2012. Este documento establece que o promotor de dito Plan é a Xunta de Galicia e que as actuacións que o requiran, no caso de non terse accedido á titularidade dos inmobles por adquisición de carácter voluntari a, se desenvolverán por expropiación forzosa, correspondendo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras o impulso dos expedientes expropiatorios como Administración actuante e dos demais procedementos de desenvolvemento do plan sectorial, en colaboración coa Consellería de Facenda.

Xa que logo, o PS mantén a habilitación da Xunta de Galicia para activar a facultade expropiatoria en caso de que o convenio non acade o seu obxectivo de facilitar o acceso á titularidade do solo necesaria para cumprir o obxectivo do Plan Sectorial declarado de utilidade pública e interese social

Como queira que no ano 2015 non se chegou a executar a ordenación prevista para o ámbito de Guixar nin, daquela, puido o concello de Vigo achegar ao CZFV a cantidade comprometida con cargo ás cargas urbanísticas deste, con data 8 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 15 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

abril de 2015, constituíse un grupo de traballo paritario entre o Consorcio da Zona franca de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo. Tras as reunións deste grupo de traballo o CZFV non considerou de interese para os seus fins corporativos ningún dos bens do PMS.

Porén, con data 10 de novembro de 2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza anulando o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado definitivamente por sendas Órdenes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, de 16 de maio de 2008 e de 13 de xullo de 2009. Tal anulación determinou a imposibilidade definitiva de que se desenvolvese o “APR 5-16 Guixar”, e que o Concello poidese abonar ao CZFV a súa aportación de 11.500.000 € para a xestión do ámbito supramunicipal “Cidade do mar”, con cargo ás cargas urbanísticas deste ámbito, tal e como estaba previsto no convenio.

Tras analizar os antecedentes da cuestión que nos ocupa, arriba referidos, considerouse para os intereses municipais que a execución da citada sentenza debía consistir na restitución dos terreos no seu día recibidos polo concello de Vigo; nembragantes, tal restitución para a súa posterior expropiación pola Xunta de Galicia, implicaría o peche da finca e e das instalacións deportivas actualmente en funcionamento por conta desta Administración municipal, sen data certa para a súa reapertura; reapertura, que a vista das vicisitudes que ten sufrido esta actuación podería prolongarse por moito tempo, con evidente creba do interese público.

Así as cousas, e para poñer fin a esta situación, ter por executada a sentenza 136/2020, de 24 de febreiro de 2020, dictada pola Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 4580/2017, e poder seguir proporcionando a veciñanza de Teis o disfrute das instalacións deportivas existentes na antiga E.T.E.A, a Xunta de goberno local, en sesión do 16.12.2022 acordou aprobar un novo convenio co CZFV polo que se regularizan as obrigas que o Concello de Vigo asumiu en virtude do convenio asinado o día 10 de febreiro de 2009 e, entre outras disposicións, a obriga ao concello de Vigo de proceder á desfectación do servizo público da parcela PS-4, como condición necesaria para a súa devolución, en execucion da devandita sentenza, ao CZFV; posterior constitución por parte do CZFV a favor do concello de Vigo dun dereito de uso, a título oneroso, a dita parcela PS4 e se determinan as obrigas económicas e de todo tipo que o concello de Vigo asume como contraprestación de tal cesión de uso.

Xa que logo, podemos estimar a alegación do sr. don Anxo Iglesias Covelo, presidente da Asociación de veciños de Teis, en canto se ten autorizado un novo convenio que garante o uso público destes terreos da PS-4 do ámbito da ETEA e tendo atribuída a competencia o pleno do Concello de acordo co disposto no art. 123.1.p) da LRBRL en relación co art. 269.1 da LALG, previo informe do Secretario do Pleno e da Comisión Informativa da Área de Xestión Municipal, formúlase ao Pleno do Concello a seguinte...”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 16 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con data 21 de decembro, a Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, na súa sesión ordinaria ditaminou favorablemente dita proposta.

Con data 29 de decembro, o secretario xeral do Pleno presta conformidade a dita proposta.

O interventor xeral en data 5 de xaneiro de 2023 fiscaliza de conformidade á proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. Antes da votación auséntase do salón de Plenos a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e un voto en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas por Anxo Iglesias Covelo, presidente da Asociación de veciños de Teis, no senso recollido no informe transcrito e aprobar definitivamente a alteración da natureza xurídica da parcela municipal, denominada "EQUIPAMENTO DEPORTIVO, RESERVA DE ESTACIONAMENTO E PARQUE URBANO DE CORNISATERREOS ETEA" sita na Avda. da Mariña Española número 1, desafectándoa do demanio público.

Segundo.- Que pola oficina do Inventario municipal, se proceda para os efectos da recepción formal prevista no artigo 8.3. do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a efectuar a correspondente rectificación no Inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial.

4.(5). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO, ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO E FUNDACIÓNS QUE PERTENCEN AO PERÍMETRO DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 17 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONSOLIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO ANO 2022 E PMP DOS 12 MESES DO ANO 2022. EXPTE. 26473/541 (REXISTRO PLENO 3698/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, organismo autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións, de data 9.01.23, que di o que segue,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas



Copia do documento - Concello de Vigo
3734-1101

Data impresión: 16/03/2023 13:46 Páxina 18 de 50
CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 19 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio".

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

"Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 20 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 21 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 22 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2022.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2022 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2.407	104	136	110
Importe dos pagos	64.460.601,34	247.599,23	187.037,13	233.505,30
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	7	1	8	0
Importe	99.045,43	192,67	1.228,24	,00
PMP (período medio de pago do trimestre)	10,43 días	21,86 días	6,30 días	5,65 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	251	29	6	0
Importe dos pagos	6.828.004,31	144.071,27	1.442,54	,00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	29	0	0	0
Importe	458.169,96	,00	,00	,00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	14,30 días	32,00 días	13,46 días	0,00 días



O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11,70	13,93	31,57	4,09	29,21	23,96	8,75	0,00
Segundo	10,72	22,56	18,68	3,96	19,70	9,81	10,07	0,00
Terceiro	11,40	35,54	25,71	18,08	10,73	5,17	4,36	0,00
Cuarto	10,43	14,30	21,86	32,00	6,30	13,60	5,65	0,00

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	29.597.148,6 1	4.826.025,3 6	335.443,7 1	24.044,95	145.540,7 2	51.310,98	8.710,64	,00
Nº pagos	1.372	227	104	5	109	37	14	0
Segundo	40.433.131,1 6	4.693.966,0 7	216.865,0 5	29.046,75	207.283,9 7	15.337,30	13.370,67	,00
Nº pagos	1.321	216	83	6	179	30	27	0
Terceiro	51.164.046,8 1	3.661.748,8 8	161.328,0 0	92.985,45	141.126,4 0	23.211,46	20.648,81	,00
Nº pagos	1.485	168	60	29	99	12	33	0
Cuarto	64.559.646,7 7	7.286.174,2 7	247.791,9 0	144.071,2 7	188.265,3 7	1.442,54	233.505,3 0	,00
Nº pagos	2.414	280	105	29	144	6	110	0

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 24 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

RD 635/2014

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2022												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	10,31	9,56	8,52	8,60	9,09	10,81	11,19	10,54	11,76	9,67	9,82	8,47
MARCO	39,18	47,63	25,88	22,38	17,60	14,77	5,43	15,25	9,52	5,68	9,89	6,71
XMU	26,13	7,91	7,51	11,43	6,37	8,93	14,58	11,55	10,50	9,88	8,93	8,67
V. C.BUR.	3,86	9,86	9,39	4,74	12,63	12,80	1,83	8,08	3,42	5,34	7,57	4,04
PMP Global	10,91	9,93	8,63	8,71	9,10	10,82	11,19	10,56	11,75	9,64	9,80	8,46

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2022

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	9.053.889,28	2.265.765,36	209.717,52	39.634,50	3.468,15	102.777,76	131,60	0,00
Febreiro	8.690.300,50	3.955.072,48	37.647,83	34.919,72	84.519,37	41.798,75	1.073,35	0,00
Marzo	11.713.088,76	4.082.693,37	88.078,36	24.044,95	57.553,30	53.310,98	7.505,69	0,00
Abril	14.367.450,27	3.078.672,65	69.175,12	56.306,99	111.701,71	1.247,13	1.667,63	0,00
Maio	12.863.076,35	3.740.768,33	87.539,58	42.039,82	40.458,08	15.618,62	9.521,74	0,00
Xuño	13.196.798,62	4.691.154,68	60.150,35	29.046,75	55.124,18	15.337,30	2.181,30	0,00
Xullo	14.999.485,86	5.821.720,58	92.141,72	39.667,30	52.769,05	908,23	7.841,14	0,00
Agosto	14.591.382,40	8.584.074,63	53.769,46	44.852,75	54.579,66	1.036,39	1.528,12	0,00
Setembro	21.553.315,46	4.017.243,51	15.416,82	53.981,72	33.777,69	23.211,46	11.279,55	0,00
Outubro	11.499.207,41	3.847.891,41	120.215,78	29.858,31	87.814,66	1.857,69	40.177,91	0,00
Novembro	14.721.569,23	6.663.624,27	49.907,58	29.289,01	36.165,52	2.912,32	125.125,37	0,00
Decembro	38.233.004,85	7.286.174,27	77.668,54	144.071,27	64.285,19	1.442,54	68.202,02	,00
TOTAL	185.482.568,99		961.428,66		682.216,56		276.235,42	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 25 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise. O que poñen en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería, correspondente ao 4º trimestre, de data 9 de xaneiro de 2023.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia. O presidente comunica que houbo un erro de forma e altera a orde do día, pasando o punto nº 15 a tratarse no primeiro lugar das mocións.

Incidencia. O Alcalde-presidente e a 1ª Tenente de Alcaldía, sra. Silva Rego, abandonan o Salón de Plenos, pasando a presidir a sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

MOCIÓNS:

15.(6) MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO EN APOIO DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA SALVAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA E A MANIFESTACIÓN DO 12 DE FEBREIRO EN SANTIAGO, EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. PLENO 3701/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de xaneiro e posterior modificación do 19 de xaneiro de 2022, número 3701/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EN APOIO DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA SALVAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA E A MANIFESTACIÓN DO 12 DE FEBREIRO EN SANTIAGO EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 26 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O deterioro da Atención Primaria (AP) galega está alcanzando un punto de inflexión que pode ser irreversible se non se lle pon remedio de forma urxente.

Os Concellos, como institución máis próximas a poboación e aos seus problemas, recibimos as queixas e demandas da veciñanza, sobre as dificultades para acceder aos Centros de Saúde, os pechos de Puntos de Atención Continuada (PAC), a masificación das consultas, a prioridades para a consulta telefónica, a falta de persoal médico, de pediatría, enfermaría e doutras categorías profesionais, sometido a condicións de inestabilidade e precariedade laboral, tendo gran repercusión na calidade da atención sanitaria.

Desde os Concellos, somos conscientes de que a crise da Atención Primaria, afecta á saúde da poboación (polos atrasos nos diagnósticos e tratamentos), colapsa as urxencias e as listas de agarda nos hospitais. Así o confirman os últimos informes do Ministerio de Sanidade, que reflicten un incremento da mortalidade evitábel e xeral, non explicábel pola epidemioloxía.

Como administración representativa dos intereses da poboación, non podemos tolerar que a poboación desmoralizada acabe aceptando uns Centros de Saúde de baixa calidade e inaccesíbeis por falta de persoal e de recursos, que se abandone a promoción, prevención, rehabilitación, o traballo comunitario e a participación cidadá. A solución non pode ser a contratación de seguros privados enganosos, que tamén teñen listas de agarda e que denegan consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas por non “entrar” no seguro contratado.

Sen embargo, a Xunta de Galiza e o SERGAS, pretenden perpetuar esta situación, aprobando un orzamento para a Atención Primaria que supón o 14% do gasto sanitario total, absolutamente insuficiente para solucionar a falta de persoal e as carencias de persoal e de recursos dos Centros, que segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) debe ser do 25%.

Ante a falta de medidas da administración do Partido Popular, para frear o desmantelamento da Atención Sanitaria e do Sistema Sanitario Público Galego, consideramos necesario apoiar a mobilización social e profesional en contra desta situación. Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza, pedimos o apoio a Iniciativa Lexislativa Popular para que o Parlamento Galego, debata e aprobe a serie de medidas destinadas a Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e a Manifestación do día 12 de febreiro do 2023, en Compostela, as 12 h. e con saída dende a Alameda e rematando na Praza do Obradoiro, en defensa do Sistema sanitario público Galego.

Consideramos urxente incrementar o orzamento da Atención Primaria ata o 25% do total; a recuperación dos postos de traballo recortados; a convocatoria de novas prazas de todas as categorías de persoal nos Centros de Saúde e PACs; a utilización plena dos servizos hospitalarios para acabar coas listas de agarda acumuladas; a elaboración dun Novo Modelo de Saúde Comunitario que emane das conclusións do Consello Técnico de AP de Galiza e contemple a colaboración das administracións locais para ir contra os determinantes da saúde e da enfermidade.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 27 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Colaborar activamente na recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza, para conquistar a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e chamar a poboación da cidade de Vigo a participar na manifestación do día 12 de febreiro en Compostela para salvar a Atención Primaria e o Sistema Sanitario Público Galego en risco de desmantelamento.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 17-19.01.23 (Rex. Nº 3701/1101), polo concelleiro membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

5.(7). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO A GARANTIR O DEREITO AO ABORTO, REXEITANDO ACTITUDES COMO AS EXPRESADAS POLO GOBERNO DE CASTELA E LEÓN, E NA DEFENSA DA REFORMA DA LEI DO ABORTO. EXPTE. PLENO 3707/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2023, número 3707/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO A GARANTIR O DEREITO AO ABORTO, REXEITANDO ACTITUDES COMO AS EXPRESADAS POLO GOBERNO DE CASTELA E LEÓN, E NA DEFENSA DA REFORMA DA LEI DO ABORTO

O pasado 15 de decembro o Congreso dos Deputados e Deputadas daba luz verde ao proxecto de lei para reformar a vixente lei do aborto doce anos despois da súa aprobación. Unha maioría parlamentaria ratificaba un intenso (e amplo en canto a consensos) traballo feito meses antes polo relatorio que elevou un ditame á Comisión de Igualdade do Congreso. Este relatorio mesmo puña sobre a mesa a modificación de aspectos do texto inicialmente remitido aos grupos parlamentarios, o que amosa a vontade de mellora e procura da maior unidade no órgano lexislativo, dende a eliminación da posibilidade de que un facultativo obxector de conciencia forme parte dos comités que avalían a posibilidade de realizar aborto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 28 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pasadas as 22 semanas de xestación ou que a paciente poida acudir á vía xurisdiccional no caso de negativa deste comité.

Este acordo parlamentario que reforma a norma aprobada no ano 2010 supón aumentar as garantías sanitarias, os dereitos, e especialmente a protección legal das mulleres que libremente optan por exercer o dereito a dispor do seu corpo e da interrupción voluntaria do embarazo. Un dereito básico e socialmente recoñecido como un dos máis defendidos e vindicados polos movementos feministas e a sociedade en xeral.

Esta necesaria reforma expón tamén de xeito novidoso que as organizacións antiabortistas non poidan ter apoio institucional ou orzamentario por parte das administracións públicas e o impulso de campañas que eviten unha defensa velada de formas de violencia no ámbito reprodutivo como a xestación por substitución. Dous aspectos esenciais para garantir máis e mellores dereitos e non facer de altofalante de quen quere furtalos pola vía institucional ou propagandística.

De igual modo se incorporan articulados garantistas para evitar que os profesionais sanitarios que non sexan obxectores sexan relegados exclusivamente á práctica do aborto nos sistemas sanitarios autonómicos, así como implementar analogamente a isto unha homoxeneización dos dereitos a interrupción do embarazo na sanidade pública a nivel estatal, evitando a existencia de territorios onde non se practican abortos e a necesaria dispensa gratuíta de métodos anticonceptivos como tamén da píldora do día despois.

Un dos aspectos novos desta reforma e que tivo tamén un extenso traballo na comisión foi a eliminación do período de reflexión de tres días e a obrigatoriedade de recibir un sobre con políticas activas de maternidade, algo que era a todas luces unha presión ás mulleres nun momento tan persoal.

Por desgraza, a resposta a esta reforma por parte dalgunhas comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular foi anunciar trabas e obstaculizacións para que a reforma da lei non teña percorrido nos seus sistemas públicos de saúde. Especialmente grave e preocupante é o caso de Castela e León, gobernada por unha coalición entre o Partido Popular e Vox que anunciou un "Protocolo de Atención á Mulleres Embarazadas" claramente orientado a boicotear a nova lei do aborto. Todo iniciado cunhas declaracións incendiarias do vicepresidente autonómico Juan García Gallardo que falaba da incorporación dun protocolo para que as mulleres escoitaran o latexo fetal, contemplarán unha ecografía 4D ou mesmo accederán a un psicólogo sen ter que pasar antes por Atención Primaria. O propio partido do vicepresidente, Vox, sinalaba sen rubor nun tuit que *"Castilla y León se convierte gracias a Vox en la región de España donde las mujeres embarazadas tienen más información, libertad y apoyo. Un primer paso que demuestra que hay alternativa a las oscuras y nefastas leyes de la izquierda"*.

Malia as tentativas torpes do PP anunciando cambios neste protocolo, falando xa de que non sería un requisito obrigatorio, e mesmo que os médicos non estarían obrigados a informar do mesmo, o certo é que Vox segue insistindo na literalidade do expresado no inicio da polémica. A desautorización do vicepresidente ou as aclaracións de se o goberno autonómico pensa acatar a lexislación seguen sen darse e todo a pesar de que o Ministerio de Sanidade ten requirido xa o protocolo que se vai aplicar e vén de advertir que non se pode incumprir a lei dende unha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 29 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CCAA, unha situación inaudita con respecto a unha lei tan sensible como a do aborto.

Lamentablemente, diversos dirixentes do Partido Popular téñense pronunciado en redes sociais e en diversos escenarios institucionais con declaracións moi críticas coa reforma da lei e que fan presaxiar que o acontecido en Castela e León pode que non sexa nin anecdótico nin illado.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación, se procede, os seguintes:

ACORDOS

1. O pleno do Concello de Vigo apoia e celebra como logro de dereitos democráticos o contido da reforma da lei do aborto e os novos dereitos e garantías que consagra para as mulleres.
2. O pleno do Concello de Vigo insta ao goberno do Estado a iniciar cantas medidas sexan necesarias, mesmo xudiciais, para evitar a existencia de calquera protocolo para mulleres embarazadas como o expresado polos voceiros do goberno de Castela e León
3. O pleno do Concello de Vigo insta ao goberno local a organizar campañas informativas sobre a nova lei do aborto que expliquen as novas cuestións introducidas polo o consentimento a partir dos 16 anos, as baixas vencelladas a dereitos sexuais e reprodutivos coma o permiso menstrual, o habilitado tras un aborto ou o dereito a que nos comités que avalían os abortos a partir da semana 22 non estean presentes obxectores e outras novas medidas."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia. No momento da votación atópanse ausentes o Sr. Estévez Rodríguez e a sra. Rodríguez Calviño.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 30 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a moción presentada, en data 20.01.2023 (Rex. Nº 3707/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e o Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(8). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA LEI ORGÁNICA 10/2022, DO 6 DE SETEMBRO, E Á SOLICITUDE DE DESCULPA, RECTIFICACIÓN E CESAMENTO INMEDIATO DA MINISTRA E A SECRETARIA DE ESTADO DE IGUALDADE. EXPTE. 3708/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2023, número 3708/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“O Estado de Dereito é un dos piares da democracia española, clave de bóveda de calquera actuacións públicas e garantía da convivencia cidadá. Para consolidar ese marco de protección, o noso país debe non só desincentivar condutas consideradas reprochables, senón asegurar un tratamento civil ou penal que castigue os ilícitos labores.

Estes obxectivos son máis importantes se cabe no ámbito da violencia de xénero, que implica a dereitos, liberdade e indemnidade sexuais. A violencia de xénero é unha das manifestacións máis crueis e inhumanas do fracaso na convivencia entre homes e mulleres. Esta secuela social erosiona o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade na esfera sexual, así como a integridade física e moral, e mesmo a vida, das mulleres. A violencia de xénero tamén afecta o benestar e desenvolvemento psíquico dos menores de idade e das persoas con discapacidade, respecto a súa integración social e o seu desenvolvemento físico e psicolóxico.

España foi un país pioneiro na loita contra a violencia de xénero, despregando unha adecuada protección en materia de violencia de xénero desde a normativa nacional e internacional, destacando aquí o Convenio de Istambul ou o Convenio de Varsovia. A nivel nacional, o noso país conta coa Lei de asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e a Lei Orgánica de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, unha norma referente na protección das vítimas de violencia de xénero. Estas leis complementan a tipificación penal propia dos distintos delitos que afectan á liberdade e indemnidad sexual.

Ademais, mostra do espírito de consenso político que debe dominar estas políticas, en decembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que impulsou o Partido Popular e dotou economicamente o Goberno de Mariano Rajoy con 1000 millóns de euros. O Pacto foi ratificado polos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais e destinou, entre 2018 e 2022, un total de 100 millóns de euros entre Entidades Locais, 500 millóns entre Comunidades Autónomas e 400 millóns entre os organismos competentes da Administración Xeral do Estado. Todo iso para loitar contra a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 31 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

violencia de xénero en áreas como sensibilización e prevención; resposta institucional; axuda e protección ás vítimas; ou asistencia e protección dos menores.

Con todo, a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, coñecida como a Lei do “só si é si”, modificou o Título VIII do Código penal no relativo aos delitos denominados actualmente de liberdade sexual. Agora todos estes delitos son considerados agresión sexual, cando con anterioridade dividíanse en abusos ou agresións sexuais, segundo a súa gravidade. Aínda máis grave, as penas destes feitos delituosos especialmente lesivos para as mulleres e menores víronse reducidas para dar cabida a delitos de menor envergadura. Esta circunstancia implica que moitos dos condenados por estes feitos poderán acollerse a unha redución das súas penas, pola aplicación obrigatoria do principio de norma máis favorable para o reo, en base ao artigo 2 do Código penal. Unha circunstancia da que o Grupo Parlamentario Popular avisou durante a tramitación da Lei, sendo entón acusados os seus deputados de difundir bulos, por parte da coalición de Goberno.

Eses bulos resultaron ser verdades. A consecuencias da inacción governamental obsérvanse hoxe. Poucos meses despois da aprobación da Lei do “só si é si” por parte do Goberno e a pedimento do Ministerio de Igualdade que dirixe Irene Montero, máis de 160 agresores sexuais viron rebaixasas as súas penas.

Esta situación é inaceptable. A Lei do “só si é si” se demostrou claramente ineficaz en lograr os seus obxectivos de protección das mulleres. Non protexe ás mulleres de hoxe nin ás vítimas de onte e só favorece a revictimización. Por se non fóra suficientemente grave a situación, ante as críticas da xudicatura e da opinión pública ao Ministerio de Igualdade, primeiro a Ministra Irene Montero acusou os xuíces de “machistas” que aplican defectuosamente a Lei, con algún dos seus deputados considerándoos mesmo “fachas con toga”.

Recentemente, a Secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, restou relevancia ás excarceracións de agresores sexuais, aducindo que “se cadra [o agresor] vai ao cárcere despois de asasinar xa”. Poñer en dúbida a necesidade da aplicación do Código penal é burlarse das vítimas. Ángela Rodríguez ademais relativizou sobre as “ondas” de condenados por delitos sexuais agora en liberdade, argumentando que as críticas á Lei eran “bulos, noticias falsas e manipulacións”.

Eses bulos resultaron de novo ser verdades, como as cifras de excarcerados tras a entrada en vigor da Lei do “só si é si” testemuña. De novo, máis de 160 agresores sexuais viron rebaixasas as súas penas.

Pola dignidade e dereitos das vítimas, o Partido Popular considera que a gravidade dos feitos e a alarma social xerada pola irresponsabilidade e inacción do Ministerio merecen unha resposta clara e urxente. É manifesto o nulo rigor do Ministerio de Igualdade de Irene Montero durante estes anos de Goberno de Pedro Sánchez. Nese sentido, a responsabilidade non é só das responsables do Ministerio, senón do Goberno do que depende e o seu Presidente, Pedro Sánchez, que apoiou a aprobación da Lei do “só si é si” e nomeou a Irene Montero Ministra.

Por tanto, en vista das declaracións políticas, así como de continuas excarceracións de agresores sexuais producidas pola inacción do Goberno e Ministerio de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 32 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Igualdade, o Grupo Municipal no Concello de Vigo propón a adopción do seguinte ACORDO polo que se insta ao Goberno de España a:

1.- Proceder a inmediata revisión, pola vía de urxencia, e para que quen cometa delitos sexuais poidan ter, canto antes, as mesmas penas que estaban en vigor ata setembro de 2022, e que se viron rebaixadas coa actual regulación.

2.- Que pidan desculpas, rectifiquen e sexan cesadas inmediatamente tanto a Ministra, Irene Montero, como a Secretaria de Estado de Igualdade, Ángela Rodríguez, respecto a as súas declaracións a xuíces e partidos políticos na aplicación da Lei do “só si é si”;

3.- Que se retomem os traballos para a continuidade do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, dotándoo de fondos para a súa aplicación plurianual, en coordinación cos Partidos Políticos, Comunidades Autónomas e Entidades Locais;

4.- Que se colabore con todas as Comunidades Autónomas na discusión, elaboración e implantación de medidas sobre violencia de xénero, desde o marco de consenso que ofrece a Conferencia Sectorial de Igualdade;

5.- Que o Concello de Vigo non participe en ningún acto institucional ou protocolario con presenza de altos cargos do Ministerio, en sinal de solidariedade con todas as vítimas, ata que non se cumpran as esixencias de rectificación e cesamento aquí expostas. O Partido Popular non participará en ningún acto deste tipo no que o Ministerio tome parte.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Procédese á votación por puntos:

VOTACIÓN DO PUNTO 1º: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, dezaioito abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas.

Ao producirse un empate procédese a unha segunda votación.

2ª VOTACIÓN DO PUNTO 1º: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, dezaioito abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 33 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ao producirse un segundo empate non hai nin aprobación nin rexeitamento do punto nº 1.

VOTACIÓN DO PUNTO 2, 3, 4 e 5: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e vinte e un votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adoptase o seguinte,.

ACORDO:

Rexeitar os puntos 2, 3, 4 e 5 da Moción presentada, en data 20.01.2023 (Rex. Nº 3708/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(9). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA COLABORAR ACTIVAMENTE NA RECOLLIDA DE SINATURAS PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, PARA CONQUERIR A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA SALVAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA, APOIAR A MANIFESTACIÓN DO 12 DE FEBREIRO E OUTROS ACOROS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3709/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2022, número 3709/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da atención primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención aos doentes, que se traduce en días e incluso semanas de espera para ser atendidos polo médico de cabeceira ou pediatra.

Os recortes da última década amósanse agora con toda a súa crueza, e obsérvase como a perda de investimento (140 millóns de euros menos no orzamento de atención primaria con respecto a 2009) e de persoal (case 1000 profesionais menos en atención primaria que en 2009) repercuten agora nun sistema saturado e con profesionais precarizados, que acumula retrasos e demoras na súa capacidade asistencial.

O fabuloso traballo dos profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido polos dirixentes dun sistema que continúan a manter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 34 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unhas das peores condicións laborais de toda España, provocando que os profesionais e médicos en formación eviten a atención primaria dadas as súas condicións.

Dende o ano 2009 Galicia renunciou a formar a 180 profesionais médicos para atención primaria. Hoxe o nivel formativo habilitado polo goberno do Estado para novos profesionais sanitarios en 2023 é o maior da historia, co maior número de prazas MIR (Médico/a Interno Residente), EIR (Enfermeira Interna Residente) ou outras especialidades para poder convocar, chegando a 725 só para a nosa Comunidade Autónoma. Non entanto o goberno de Galicia ten anunciado a súa convocatoria e quédase en 620, deixando máis de 100 prazas sen convocar entre as que hai 29 prazas enfermería familiar e comunitaria (que son as especialistas en atención primaria) que neste mesmo 2023 van quedar sen ofertarse por decisión exclusiva do actual goberno de Galicia. Mais ocorre tamén noutras como oncoloxía, pneumoloxía, cardioloxía, anestesia ou todas as categorías en saúde mental onde non se convocan todas as prazas posibles.

Esta situación evidencia problemas en todo o sistema sanitario e especialmente na área sanitaria de Vigo que se notan especialmente na atención primaria e nas urxencias hospitalarias:

-Construción dun Centro de Saúde en Bouzas reducido no seu tamaño inicial e que non dá cobertura ás necesidades reais.

-Amortización dunha praza de pediatría no Centro de Saúde de Pintor Colmeiro que afecta gravemente á asistencia sanitaria de 950 nenos e nenas.

-Lista de espera en Vigo de 12.275 persoas esperando unha operación e que son 1.700 persoas máis que o ano anterior.

-Sen a adopción de medidas inmediatas, que se concreten no Plan de Choque demandado por este Pleno, para mellorar a calidade asistencias na área sanitaria de Vigo, dotando de medios económicos, materiais e humanos, ante a deficiente calidade asistencial que vén prestando.

Este escenario ten levado a un incremento evidente do malestar da cidadanía e dous propios profesionais. Así os sanitarios do propio sistema público discrepan da xestión do goberno autonómico no sistema sanitario, o que se ven traducindo en problemas constantes e dimisións constantes como a recente dimisión do presidente do Consello Galego de Colexios Médicos por considerar que a Consellería non teña interese en resolver a situación nin atender a ningún diálogo.

Ante esta situación e en particular polo que afecta ao área sanitaria de Vigo, é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

-Colaborar activamente na recollida de sinaturas promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, para conquistar a Iniciativa Lexislativa Popular para Salvar e Fortalecer a Atención Primaria e apoiar a manifestación do día 12 de febreiro en defensa da sanidade pública.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 35 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-Instar á Xunta de Galicia a que reformule as súas políticas en materia sanitaria, na área sanitaria de Vigo, reducindo de forma inmediata as listas de espera e adoptar medidas no ámbito da atención primaria, para que cambie o modelo asistencial e de xestión de recursos humanos que permita convocar todas as prazas posibles para formar novos profesionais e mellore as condicións laborais dos profesionais da sanidade.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.01.2023 (Rex. Nº 3709/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(10). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A DESTINAR, CON CARGO AOS SEUS ORZAMENTOS 2023, POLO MENOS A CANTIDADE DE 305 MILLÓNS DE EUROS QUE SE CORRESPONDEN CO PESO POBOACIONAL DA CIDADE DE VIGO. ·EXPTE. 3710/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2022, número 3710/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno de Feijoo deixou unha débeda histórica, coa cidade de Vigo de 2.258 millóns de euros, produto da falta de atención a esta cidade e da marxinação constante da Xunta de Galicia durante 13 anos.

Este Pleno instou ao actual Presidente da Xunta, Sr. Rueda, a recoñecer esta débeda histórica e a satisfacela coas correspondentes asignacións orzamentarias.

O Sr. Rueda, nos seus primeiros meses de Presidente, mantivo a mesma posición que Feijoo en todo o relacionado coa cidade de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 36 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Máis aló de non recoñecer esta débeda histórica, coñecemos con indignación desde a cidade de Vigo as recente declaracións do Sr. Rueda manifestando literalmente que “Rueda prevé un ano potente para a obra civil autonómica”.

Descoñecemos en que cidades de Galicia executarase este “ano potente” pero é evidente que en Vigo, a cidade máis importante de Galicia cun 11% da súa poboación total, non existe ningunha previsión de investimento por parte do goberno do Sr. Rueda.

Estas declaracións supoñen un insulto ao conxunto da cidadanía de Vigo e é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar o Presidente da Xunta de Galicia a destinar, con cargo aos seus Orzamentos de 2.023, polo menos a cantidade de 305 millóns de euros que se corresponden co peso poboacional da cidade de Vigo en relación cos 2.770 millóns de euros contemplados nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2.023 nos capítulos de Investimentos reais e Transferencias de Capital.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaioito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 20.01.2023 (Rex. Nº 3710/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(11). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE, DE FORMA URGENTE, MODIFIQUE A NORMATIVA REGULADORA DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA, CO OBXECTO DE FACELA COMPLEMENTARIA E COMPATIBLE CO INGRESO MÍNIMO VITAL. EXPTE. 3711/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2022, número 3711/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 37 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XTL3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de xuño de 2020 aprobábase o Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio, polo que se establece o Ingreso Mínimo Vital. Un fito histórico no noso país, polo que se creaba unha renda básica garantida do Estado para que esta fose complementada polas rendas de inclusión e inserción das Comunidades Autónomas. De feito, a norma, así o expresa taxativamente: “O Ingreso Mínimo Vital configúrase como unha prestación solo que se fai compatible coas prestacións autonómicas en concepto de rendas de inserción, permitindo ás CCAA modular a súa acción protectora para adecualas ás peculiaridades do seu territorio”.

Pois ben, dous anos e medio despois da aprobación do Ingreso Mínimo Vital por parte do Goberno de España son moitas as Comunidades Autónomas que teñen modificada a súa normativa reguladora das rendas de inserción social para facelas compatibles co IMV, como é o caso de País Vasco, Navarra, Aragón, Extremadura, Cataluña, Valencia, Canarias, etc.

Este non é o caso de Galicia, que a día de hoxe, despois de reiterados anuncios de modificación da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, segue facendo incompatible a renda de inclusión social de Galicia co Ingreso Mínimo Vital, o que ten levado a un progresivo descenso no número de beneficiarios desta prestación, chegando a mínimos históricos no ano 2022.

No ano 2021, 678.000 persoas residentes en Galicia - o 25,2% da poboación - estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social (Taxa AROPE). Destas 678.000 persoas que estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, 311.000 eran homes e 367.000 mulleres. En especial en fogares monoparentais (54,3%) ou fogares de persoas maiores soas.

O risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil en Galicia é moi preocupante. As cifras máis elevadas corresponden aos nenos, nenas e adolescentes, cuxa taxa alcanza o 34%, case nove puntos sobre a que rexistran as persoas adultas (25,2%).

O Goberno de España puña en marcha o ano pasado en Galicia o Proxecto Piloto contra a Pobreza Infantil, dotado con 10,6 millóns de euros, procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o que supón un paso importante na loita contra a pobreza infantil, tendo en conta que Galicia ten cifras moi altas de pobreza infantil,

Dado o contexto económico, é necesario que o Goberno galego tome medidas urxentes de loita contra a pobreza e a exclusión social, como fixo o Goberno de España que incrementou nun 15% o Ingreso Mínimo Vital, adoptou medidas contra a pobreza enerxética e contra a exclusión residencial e incrementou a contía das pensións.

Galicia apenas chega coa RISGA ao 6% de taxa de cobertura dos galegos e galegas que viven baixo o umbral da pobreza, cando noutras CCAA como País Vasco ou Navarra chegan case ao 70% de cobertura. Tamén é Galicia unha das Comunidades coas contías máis baixas deste tipo de prestacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 38 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XLT3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Neste intre, por mor do desleixo da Xunta de Galicia, os cidadáns en vez de beneficiarse da RISGA como unha renda complementaria do Ingreso Mínimo Vital, como en case todas as Comunidades Autónomas, deben elixir entre unha prestación ou outra, porque o Goberno do Partido Popular non foi quen en máis de dous anos e medio de reformar a normativa reguladora da RISGA para facela compatible e complementaria do Ingreso Mínimo Vital, como debería ser a súa obriga.

Nesta situación e despois máis dous anos e medio de anuncios de modificación desta prestación, a Xunta de Galicia non pode seguir desmantelando a Renda de Inclusión Social de Galicia, deixando sen executar as partidas orzamentarias destinadas aos máis vulnerables.

A Xunta de Galicia ten que dar un paso firme para blindar ás familias en situación de vulnerabilidade, incrementando as contías da RISGA e a súa taxa de cobertura, facéndoa compatible co Ingreso Mínimo Vital e destinando a prestación a complementos de acceso á vivenda, de loita contra a pobreza infantil e de incentivo de acceso ao mercado laboral.

Por todo o antedito, propónse ao Pleno da Excma. Corporación Municipal que adopte o seguinte

ACORDO:

-Instar á Xunta de Galicia a que, de forma urxente, modifique a normativa reguladora da Renda de Inclusión Social de Galicia, co obxecto de facela complementaria e compatible co Ingreso Mínimo Vital, ampliando ademais a súa cobertura e contía.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia: No momento da votación atópase ausente o 2º tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira que presidía a sesión, pasando a presidir a 3ª tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 39 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XLT3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 20.01.2023 (Rex. Nº 3711/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Incidencia: Volve á presidencia o Sr. Pardo Espiñeira.

10.(12). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA UNHA LIÑA DE AXUDAS QUE FAVOREZA A MOBILIDADE DENDE O AEROPORTO DE VIGO CON MADRID, BARCELONA, ASI COMO CON OUTRAS CIDADES DE ESPAÑA E EUROPA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 3712/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2022, número 3712/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O aeroporto de Vigo se consolida, paulatinamente, como o aeroporto con maior intensidade de tráfico de viaxeiros de Galicia grazas ao pulo da economía, do turismo e da poboación asentada nunha área que supera o medio millón de habitantes.

Calquera que tome un avión en Peinador ou veña nunha liña ata a nosa cidade pode comprobar que os avións veñen completos e cunha mestura de perfís que combinan o desprazamento por traballo ou negocios, co turismo ou co retorno a casa familiar de quen ten unha parte da súa vida fóra de Galicia.

Este perfil sociolóxico e socioeconómico pon de manifesto a importancia dun medio de transporte que, entre 45 e 90 minutos, nos conecta con Madrid, Barcelona, Bilbao, Málaga, Palma, Tenerife, Valencia e outros destinos pero, tamén hai que dicilo pola súa importancia, trae máis xente á nosa área da que viaxa en sentido saída.

Ás empresas da nosa contorna atraen unha boa parte das persoas que se desprazan ás industrias do peixe, do naval, da automoción ou doutros sectores industriais. Pero, tamén máis recentemente, a un sector que empeza a gañar peso na economía da cidade, como é o sector servizos e hoteleiro. A elo se une a necesidade das persoas de viaxar por motivos familiares e, por suposto, de lecer. Esta situación se produce nun radio dos cincuenta quilómetros dende o aeroporto e que chega ata os cen quilómetros ou máis, polo que o aeroporto de Vigo non é de carácter estritamente “local” senón que pasa a ter carácter supramunicipal.

Aínda debe engadirse un factor adicional, a internacionalización da economía e das relacións persoais, que fai que sexa preciso ter boas conexións con Francia, co Reino Unido, con Alemaña, con Italia ou cos países nos que están boa parte das institucións europeas. É indubidable a relación que teñen as empresas da nosa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/03/2023 13:46	Páxina 40 de 50
3734-1101	CSV: ACAC2C-B521C9-A657A1-41XLT3-K7BDXP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contorna con estes países, polo que a existencia de conexións é un elemento de potenciación do noso Produto Interior Bruto.

Resulta, pois, necesario que a Xunta de Galicia, como Administración con competencia supramunicipal, potencie ao noso tecido socioeconómico favorecendo e apoiando o establecemento de novas conexións, nacionais e internacionais, pero tamén de maiores frecuencias ao igual que sucede cos outros aeroportos galegos. Ao mesmo tempo, tamén resulta imprescindible mellorar a conectividade do transporte público por estrada entre o aeroporto e a cidade, e entre o aeroporto e outras localidades da nosa área e da provincia.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Demandar da Xunta de Galicia unha liña de axudas que favoreza a mobilidade dende o Aeroporto de Vigo con Madrid, Barcelona, así como con outras cidades de España e Europa.
- Solicitar á Xunta de Galicia que implante un servizo de autobús que conecte o Aeroporto de Vigo co resto da cidade para mellorar a mobilidade a través de transporte público de viaxeiros e potencie a terminal de Peinador.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

Incidencia: No momento da votación atópase ausente a Concelleira Sra. Caride Estevez

Procédese á votación por puntos.

